

A VEXETACIÓN DO LITORAL

Texto: Henrique Niño Ricoi

Fotografía: Carlos Silvar

OS ECOSISTEMAS LITORAIS TEÑEN UNHA GRANDE IMPORTANCIA EN GALICIA, TAL COMO O PROBAN OS CERCA DE 1.500 KILÓMETROS DE COSTA E AS CASE 750 PRAIAS QUE SE ATO- PAN AO LONGO DELA. NAS COSTAS DISTÍNGUENSE, TANTO POLA SÚA ORIXE COMO POLO SUBSTRATO E A VEXETACIÓN QUE SUSTENTAN, TRES ZONAS CLARAMENTE DIFERENCIADAS: ACANTILADOS, AREAIS E MARISMAS.

OS VEXETAIS QUE COLONIZAN ESTES ECOSISTEMAS ESTÁN SOMETIDOS A UNHAS CONDI- CIÓNS MOI ADVERSAS, POLO QUE NECESITAN UNHAS ADAPTACIÓNS ESPECIAIS, O QUE OS FAI ESPECIALMENTE SENSIBLES AOS CAMBIOS QUE SE PODAN PRODUCIR NESAS CONDICIÓN.

FACTORES DE ADAPTACIÓN.

Como característica máis importan- te da vexetación litoral pódese apuntar a diversidade de comunidades nunha área moi pequena, produto do cam- biante das condicións ambientais locais.

A vexetación asentada nestes luga- res ten que soportar unhas condicións especialmente duras, entre as que des- tacan:

- Nos acantilados:

A escaseza do substrato.

As salpicaduras directas do mar.

O espaxado constante das meras mariñas.

A acción directa do forte vento.

A intensa exposición solar.

- Nos areais e dunas das praias:

O substrato areoso e móbil.

A extrema insolación, tanto directa como indi- recta, esta procedente do reflexo do mar.

A altísima sequidade edáfica, pois aínda que as choivas sexan frecuentes,

o solo ten unha capacidade de reten- ción moi baixa.

A alta salinidade ambiental, produ- cida polas meras mariñas e a salinida- de do solo producida pola suba das mareas.

O forte vento.

A elevada evapotranspiración.

- Nas marismas, marxe das rías e lagoas litorais comunicadas co mar:

A variación do nivel das augas.

O cambiante da salinidade das augas.

As adaptacións das plantas a estas condicións son similares nas tres zonas por ser comúns os factores des- favorables ou os efectos que producen.

- Así, desenvolven longas raíces, alí onde sexa posible, que poden alcanzar 3-4 m de lonxitude ou posúen caules subterráneos, para a procura e almace- namiento de auga.

- Presentan caules flexibles para evitar a súa rotura polo vento.

- Teñen unha alta presión osmótica no xugo celular para contrarrestar a alta concentración de sales do medio.

- Adoptan formas almofadadas (pulvinulares) para protexerse da

tes, para aumentar a reflexión da luz solar.

- Reducen a superficie foliar para evitar a perda de auga, esto conségue- se de diversas formas:

* Reducindo o tamaño das follas.

* Transformando as follas en esca- mas ou espiñas.

* Enrolando a superficie foliar.

* Perdendo a totalidade das follas, pasando a realizar a función cloroflica os caules engrosados.

ACANTILADOS

As costas acantiladas, máis ou menos altas, dependendo da natureza e da estrutura do rochedo onde se forman, están moi ben representadas ao longo de todo o litoral galego.

En xeral, nos acantila- dos pódense distinguir tres zonas diferentes, cada unha coa súa correspon- dente comunidade vexetal e dispostas segundo con- tornos, máis ou menos evi- dentes dependendo da regularidade do acantila- do.

A primeira zona ocupa os lugares que, pola súa proximidade á liña da preamar, nos grandes temporais están sometidos a acción da ondada e as salpicaduras do mar, o que impide o desenvolvemento do solo. Tan só nas gretas e fendeduras das rochas, pódese atopar unha vexeta- ción con moi pouca densidade de plan- tas.

Entre as especies máis comúns nesta zona dos acantilados temos:

Prixel de mar (*Crithmum mariti- mum*)

Herba de namorar (*Armeria mariti- ma*, *A. pubigera*)



Leiteirena da praia (*Euphorbia paralias*)

acción do vento e do sol.

- Engrosan a cutícula para evitar as perdas por evapotranspiración e os efectos do sol, ao tempo que lles serve como protección mecánica contra as partículas transportadas polo vento.

- Almacenan auga en caules e follas, presentando por elo un aspecto carnoso.

- Desenvolven un tomento brancu- xo para evitar as perdas de auga.

- Toman coloracións glaucas ou cin- centas e recobren a superficie foliar con revestimentos céreos, moi brillan-

Fento mariño (*Asplenium marinum*)

A segunda zona sitúase un pouco máis arredada do mar e polo tanto máis protexida da súa acción. Así pódese formar un solo algo máis profundo; aínda que moi salinizado, onde xa se forma unha vexetación máis continua. Aquí as especies máis abundantes son:

Festuca (*Festuca rubra*)

Cenoura (*Daucus carota*)

Colexa (*Silene uniflora*)

Trevo (*Trifolium occidentale*)

Por último, na parte máis alta do acantilado, o solo é bastante máis profundo e menos salinizado e desenvólvese unha matogueira onde abundan:

Toxo (*Ulex europaeus*)

Queirugas (*Erica cinerea* e *Calluna vulgaris*).

AREAIS E DUNAS

Son os lugares onde se produce a sedimentación de materiais de textura areosa ou máis grosa. Neles distínguense dúas zonas claramente diferenciadas: praia e dunas.

As praias posúen un relevo case plano e están sometidas a acción directa das mareas. As dunas son montículos areosos de orixe eólica, situándose onde non chegan as mareas.

As praias son lugares pouco adecuados para a instalación de vexetais. Só na liña de preamar, onde se depositan restos orgánicos de orixe mariña ou continental, que enriquecen a área de materia orgánica facilmente mineralizable, se dá o asentamento de comunidades, normalmente de vida curta, pouco recubrimento e desenvolvemento estival.

A continuación desa liña aparecen as dunas primarias ou embrionarias, pouco desenvolvidas e moi inestables. Seguen as dunas secundarias de máis altura, con pendente moi suave cara aos ventos dominantes e brusca cara ao sotavento, para continuar coas dunas terciarias ou semiconsolidadas, onde o solo é moito máis estable. Máis atrás xa se atopan as dunas fixas ou consolidadas.

As dunas móbiles e xuvenís son ricas en carbonato cálcico, procedente das cunchas, cachos e outros restos animais.

Nas dunas estabilizadas o lavado producido polo choiva fai que desaparezan progresivamente os carbonatos, que abundan nas dunas móbiles e os

sales nitroxenados que se formaban na liña de preamar por descomposición da materia orgánica

Segundo nos arredamos da liña de preamar as condicións vanse facendo máis favorables para o asentamento de vexetais, pois vai diminuindo a mobilidade do substrato, a influencia dos ventos cargados de sales e a profundidade da capa freática. Cara dentro aumenta a estabilidade e a estrutura dos solos.



Cardo de ribeira (*Eryngium maritimum*)

As principais especies que podemos atopar nestes lugares son:

- Na praia diante das dunas:

Arenaria de mar (*Honckenia pelloides*)

Eiruga mariña (*Cakile maritima*)

Papoula das praias (*Glaucium flavum*)

- Nas dunas móbiles:

Gramamariña (*Elymus farctus*)

Correola da praia (*Calystegia soldanella*)

Cardo da ribeira (*Eryngium maritimum*)

Leiteirena da praia (*Euphorbia paralias*)

- Nas dunas fixas:

Feo (*Ammophila arenaria*)

Cebola das gaivotas (*Pancreatium maritimum*)

Carrascas de San Xoán (*Otanthus maritimus*)

- Detrás das dunas:

Carraspique (*Iberis procumbens*)

Carrasco bravo (*Helichrysum picardii*)

Vulneraria (*Anthyllis vulneraria*)

Paxariños amarelos (*Linaria polygalifolia*)

Escrofularia (*Scrophularia frutescens*)

MARISMAS E XUNQUEIRAS

Nas áreas litorais, máis ou menos chans, que como consecuencia das mareas vense inundadas polas augas salinas fórmanse o que chamamos marismas ou esteiros. Polo xeral coinciden coa desembocadura de ríos.

A vexetación que nelas se pode asentarse vai vir determinada fundamen-

talmente pola posición topográfica e tamén pola frecuencia e o grao de inundación das mareas, pola textura e capacidade de drenaxe do solo e pola salinidade do medio.

As marismas están inundadas directamente pola auga do mar e, polo tanto, posúen unha elevada salinidade. Nunha primeira zona, de posición topográfica moi baixa e, polo tanto, case sempre inundada e cun solo limoso atópanse a zosteras (*Zostera marina*) así como unha morea de algas.

En zonas lixeiramente máis elevadas, polo tanto menos tempo asolagada e co solo máis estruturado, pero aínda bastante lamacento e pouco aireado atopamos corais (*Salicornia ramosissima* e *Sarcocornia perennis*), verdoaga mariña (*Halimione portulacoides*) e acelga salgada (*Limonium vulgare*).

As xunqueiras só están inundadas ocasionalmente e ademais por unha mestura de auga salgada e auga doce, polo que a salinidade é menor. Situadas nas zonas máis altas e xa con solo bastante areoso e aireado, por estar lavado pola auga da choiva, aséntase unha vexetación onde é frecuente atopar xuncos (*Juncus maritimus*), buños (*Carex extensa*) e outras herbas similares (*Scirpus maritimus*).